



FEDERACIÓN GALEGA DE VELA

REGULAMENTO CESIÓNS BARCOS ESCOLA DE VELA.

A Federación Galega de Vela pon á disposición dos clubs adscritos a dita Federación embarcacións para a iniciación á práctica da vela en actividades federadas en tódolo seu territorio.

Embarcacións disponibles.

As embarcacións disponibles para ceder ós clubs son 7 tipo Omega e 54 Optimist.

Cuota de mantemento.

A Federación Galega de Vela facturará unha cuota de mantemento mensualmente ó club que solicita a cesión de material.

Esta cuota destinarase ó mantemento e mellora do material. A tarifa vixente é a seguinte:

- Omega: 50 €/mes.
- Optimist: 30€/mes

Períodos de Cesión.

- Tempada Baixa; do 1 de Novembro ó 15 de Maio. Período de solicitude do 1 ó 31 de Outubro.
- Tempada Alta; do 1 de Xuño ó 1 de Outubro. Período de solicitude do 1 ó 30 de Abril.

Condições de entrega dos barcos.

As solicitudes deberán enviarse vía email a directortecnico@fgvela.com.

En caso de recibir máis solicitudes que embarcacións disponibles terán prioridade:



- 1º/ As Escolas Homologadas.
- 2º/ As Escolas de Vela de nova formación.
- 3º/ Aquelas escolas que non disfrutaran cesións anteriores.
- 4º/ As que en cesións anteriores devolveran o material en bo estado.
- 5º/ As que teñan maior número de licencias de escola e de deportistas.
- 6º/ A posición no baremo da Federación.

Unha vez confirmada a cesión deberán poñerse en contacto con Alberto García na mesma dirección de correo, ou chamando ó teléfono 986 199363 para concretar o día e hora de recollida no Centro Galego de Vela de Vilagarcía no horario de luns a venres de 10:30 a 18:00 horas.

No momento de recollida dos barcos, o clube depositará un cheque cruzado a nome da FGV como fianza. A cantidade a depositar é a seguinte:

- o OMEGA: 600 € por embarcación.
- o OPTIMIST: 150 € por embarcación.

Finalizado o prazo da cesión e retornados os barcos o Centro Galego de Vela en Vilagarcía, devolverase a fianza unha vez estean aboadas as facturas de mantemento e se comprobe que o material está en bo estado. En caso contrario o solicitante deberá reparar e completar todo o material e se fose necesario repoñelo.

Os barcos entregaránse sen seguro e no caso de que o solicitante o considere necesario correrá pola súa conta.

AS EMBARCACIÓNS NON SERÁN ENTREGADAS SEN DEPOSITAR A FIANZA CORRESPONDENTE.

- Os responsables da entrega do material no Centro Galego de Vela sacarán fotografías do estado do material.
- E responsabilidade do clube comprobar o correcto funcionamento do barco.